

## Viaxe de ida

Catalina chegara polo Nadal cunha maleta pequena na que puido meter só o indispensable. Fora unha viaxe moi dura para ela, xa que deixaba atrás toda a súa vida.

- Mire ben, D. Bieito. Temos que atopar a partida de nacemento de meu avó!

- Que si, muller, que si! Acouga un pouco; ha de andar por aquí. Ou levaría as deses anos para a parroquia de Santa Eulalia cando amañamos o tellado desta igrexa? Sabe Deus!

- Ai señor párroco, pero non me diga iso!

- Arre demo que tes ben pouca paciencia!

- *Andate a la re concha de la lora!* – bisbou a rapaza tentando conter o xenio. – Isto non é ningún xogo para min, sabe?

- Pois a min tampouco me sobra o tempo, eh! Aínda has pensar que es ti a única que ten que facer, carallo de Deus! Cala, que ata me fas blasfemar!

Despois de percorrer no coche sen carné do cura, a un máximo de trinta quilómetros hora, as catro parroquias que levaba D. Bieito, e tras unha exhaustiva busca nos respectivos arquivos, por fin atoparon o ansiado documento.

- Aquí tes; ves como non estaba perdido?

- Perdido non, pero vostede moita idea de onde o gardara tampouco tiña. – Dixo Catalina, esgotada de tanto remexer naqueles vellos papeis que xa cheiraban a podre.

- Herexe, mal falada!

Con ese ansiado papel puido conseguir a nacionalidade española grazas á Lei de Memoria Democrática, só quince días antes de que rematara a vixencia desta norma.

O seu bisavó emigrara á Arxentina cos seus pais no 1941, cando só tiña nove anos. Eran unha familia con ideoloxía republicana e o alcalde daquel momento fóralle co conto á garda civil. Por medo a ter que agocharse no monte malvivindo coma os maquis ou rematar nunha cuneta cun tiro na cabeza, marcharan ao exilio e comezaran unha nova vida no “país da prata”.

- Catalina, Catalina, ven aquí! Mira a *muu* Ghallarda! – berraba Aida totalme aterrada.

- Xa vou, xa vou. Que che ocorre, miña rula? – acudiu Catalina sen perder un intre.

- Esa vaca é un zombi! Seghuro que ten poderes máxicos e que está mutando.

- Pero que dis, muller?- riu Catalina.

- Mira o que ten colgado no cu!

Catalina correu para buscar ó pai da nena, que estaba prantando uns repolos na horta. Xacobe deixou o sacho e achegouse ó pasto.

- Non sei que vos ensinan na escola. Iso non é un zombi, nin unha vaca mutante, nin farrapos de ghaita. A Ghallarda está parindo, muller! Por iso lle asoman as patas do cuxiño, máis nada.

- Daquela a Ghallarda vai ser mamá? - preguntou a nena toda ilusionada.

- Si, deixádea aí tranquila; xa estou eu pendente dela por se precisa axuda.

Este tamén era o primerio parto que presenciaba Catalina. Ela criárase en Bos Aires e pouco coñecía da vida do campo. Aínda que seus avós e seus pais lle falaran continuamente de Galicia: das leiras, das vacas, do burro, dos cochos, dos cartiños que enviaran durante moitos anos dende a Arxentina para permitirlle á familia que quedara en Lugo vivir algo mellor ... En definitiva, do xeito de vida do rural

galego e en concreto da Casa do Ferrador, os seus parentes cos que nunca perderan o contacto, primeiro por carta e despois por teléfono. O vínculo con Galicia estaba moi vivo en todos eles. De feito, Catalina tocara a pandeireta, fixera baile tradicional e aprendera a nosa lingua nun centro galego.

Aos dezaioito anos, cando debido á crise arxentina marchara cos seus pais a Estados Unidos na busca de mellores oportunidades laborais, tamén vivira nunha cidade. Traballara como camareira nun hotel de Miami, o que lle permitira ir perfeccionando o seu inglés e aforrando uns cartiños cos que, nun futuro próximo, pagar a matrícula nunha universidade para estudar Maxisterio. Pero, por desgraza, tódolos seus plans se viñeran abaixo.

- Estasme dicindo que Marela Terceira– a cuxa preferida de Aida - tamén naceu así? – continuaba preguntándolle a nena a seu pai.

- Pois claro, e logho ti de onde pensabas que saían os cuxos, das árbores?

Aida, que tan só tiña tres aniños, quedara abraida, desconcertada e marabillada do fenómeno tan impactante que estaba a presenciar! Sabía que os pitiños nacían dos ovos, porque a avoa Maruxa puxera unha galiña a chocar e sacara dez. Por iso supoñía que as vacas farían o mesmo, como lle contara súa nai cando lle lera o libro *A vaca que puxo un ovo*. Pero con isto estaba comprobando por vez primeira, bastante decepcionada, que os adultos non sempre son de fiar. Excepto Catalina, a quen a nena lle collera un agarimo especial, coma se fose súa irmá maior.

- Aida, ven comigo, que lles imos facer unha videochamada a meus pais.

- Siii! E van estar tomando o café con *palliña*? E vou ver a Valentino?

- Ha ha ha ha! Chámase mate. E si, preguntarémolles por Valentino, a ver se desta vez non che ladra.

A Aida gustáballe moito como falaban os pais de Catalina; sempre que os chamaban botaba días tentando imitar o seu acento. Da súa boca comezaban a saír a miúdo palabras como *che*, *boludo*,

*andate, vos...* E iso facía á rapariga aínda máis simpática; todos escachaban coa risa cando lle escoitaban falar “arxentino”. Cousas coma esa devolvíanlle a ledicia a Catalina, que fora tan ben acollida polos seus curmáns que xa se sentía unha máis da casa. Tamén eles estaban moi contentos coa nova integrante da familia e agradecíanlle todo o que lles estaba axudando, tanto a coidar da meniña como a traballar nos invernadoiros de pementos. Tanto avanzara a rapaza que xa sabía distinguir os que picaban dos que non; e iso que todos eran de Padrón.

- Como che foi esta mañá no instituto, Catalina? – a nai de Aida era sen dúbida a curmá preferida de Catalina, malia a distancia que sempre as separara. Moito se levaban contado das súas vidas por correo electrónico e por whatsapp!

- Moi ben, Uxía! Atendéronme con moita amabilidade e dixéronme que estaba solucionado, que xa teño convalidados os estudos de Bacharelato!

- Xenial, vas na fura de diante! Pois aghora tes que pensar no que queres facer. Conseghirás decidir entre as opcións que barallas?

- Pois... non che sei dicir...

Súa nai contáralle por videochamada, chorando a máis non poder, como acontecera todo. Colléranos na beirarúa, xa preto da casa. Inmobilizáranos pola forza, ás bravas, coma se fosen animais. Metéranos no coche, mantivéranos presos durante 72 horas nas que os trataran inhumanamente. E ao cuarto día, a empuxóns, lanzáranos coma bechos, xunto con moitas máis persoas na súa mesma situación, ao interior dun avión con destino a Arxentina. Os nenos, algúns deles sen pais, choraban e tremían mortos de medo. Fora unha vivencia infernal! Seus pais aínda tiñan dificultades para durmir polas noites. Os pesadelos eran constantes. Unha e outra vez víñalles á cabeza aquela experiencia arrepiante. A peor das súas vidas!

Catalina, que por sorte non estaba na casa o día do apresamento, sabía que tiña que escapar canto antes. Non podía quedarse nos Estados Unidos porque era consciente de que o ICE iría tamén por ela. Sen compaixón, sen atender a razóns, sen humanidade. Así funcionaban esas alimañas.

Chamou á familia de Galicia, investiu tódolos seus aforros nun billete a España e aquí estaba, loitando por ter unha vida digna.

- Catalina, que fas? – preguntoulle Aida coa boca toda enzoufada de *nocilla*.

- Ai, pequeniña, pois estou aquí mirando en internet na páxina do instituto a ver se saíron as listaxes de admitidos...

- E non podes vir comigo ver a cuxiña Careta ó pasto? – Dende que nacera había tres semanas, era o enredo favorito da rapaza, sobre todo pola ilusión que lle facía vela mamar dos tetos da vaca. Quedaba abraiada contemplándoas.

- Vou axiña, pero tes que agardar un intre, un minutíño. Séntate aquí no meu regazo mentres miro isto no ordenador e despois xa imos.

- Vale. E déixasme buscar a Pipi Mediaslongas?

- Si, si, despois si. A ver, que está aquí a listaxe que buscaba... Non me vexo, non me vexo, non vou estar... Siiiiiiiiiiiiiiii, estou!!! Colléronme!!! Entrei no ciclo de Educación Infantil!!! Vou poder estudar o que quería!!!

E todo foron apertas, saltos, aplausos, risas, ledicia... Felicidade por recuperar a oportunidade de seguir loitando polos soños.